



## RESOLUCIÓN

Nº expediente.- 2024/EGFAB/000115  
BDNS (Identif.): 767750

**Asunto: Concesión de subvencións ás ANPAs dos centros de ensino público para a realización de actividades no ano 2024.**

### **Antecedentes**

I.- Mediante Decreto da Alcaldía nº 2024003159, de 12/06/2024, aprobouse a convocatoria de subvencións a asociacións de nais e pais, entidades culturais, veciñais e sociais do Concello de Oleiros para a realización de actividades no ano 2024.

II.- O anuncio da convocatoria foi publicado no BOP nº 117, de 18/06/2024, por medio da BDNS, abríndose o prazo para a presentación de solicitudes.

Presentaron solicitudes as seguintes **ANPAS**:

- ✓ ANPA BIDUEIRO, DO CEIP ISIDRO PARGA PONDAL
- ✓ ANPA DO CEIP LUIS SEOANE
- ✓ ANPA DO CEIP VALLE INCLÁN
- ✓ ANPA MIGUEL HERNÁNDEZ DO IES MIRAFLORES
- ✓ ANPA ARCE DO IES XOSÉ NEIRA VILAS
- ✓ ANPA DO CEIP DE NÓS
- ✓ ANPA ENSINO CEIP RABADEIRA

### **Fundamentos**

1º.- O artigo 3 da Convocatoria dispón o seguinte:

3.1 *“Poderán ser beneficiarias das subvencións ao abeiro das presentes bases as ANPAS dos Centros de Ensino Público de 2º ciclo de Educación Infantil, Primaria e Secundaria de Oleiros, as asociacións de nais e pais das escolas artísticas municipais (EMMO e CEMAE), así como as entidades veciñais, culturais, xuvenís e outras entidades sen ánimo de lucro, que cumpran os seguintes requisitos:*

- a) *Estar legalmente constituídas.*
- b) *Figurar inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Oleiros antes do 31/12/2023.*
- c) *Ter un número mínimo de trinta e cinco socios.*
- d) *Desenvolver as súas actividades dentro do termo municipal de Oleiros.*
- e) *Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para*



a percepción de axudas ou subvencións públicas.

- f) Ter domicilio social en Oleiros.
- g) Estar ao corrente das súas obrigas coa AEAT, coa Seguridade Social e co Concello de Oleiros.
- h) Non ter pendente a xustificación dalgunha subvención anterior ou, no seu caso, ter reintegrado o importe non xustificado.
- i) O persoal ao que corresponda a realización de actividades cumprirá o requisito previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.

3.2 A ausencia dos requisitos sinalados nos parágrafos g) e h) será emendable antes da concesión, previo requirimento ao efecto.”

2º.- As entidades cuxas solicitudes presentaban eivas ou carencias emendables foron requiridas para corrixilas, respondendo todas elas en prazo.

3º.- O día 03/10/2024 reuniuse a Comisión de Valoración para avaliar as solicitudes.

Por este órgano foi comprobado que todas elas compren cos requisitos establecidos no parágrafo 3.1. do artigo 3 da convocatoria.

4º.- Como resultado das comprobacións e avaliación citadas e á vista do informe da Comisión de Valoración, o órgano instrutor emitiu a súa proposta á Sétima Tenenta de Alcalde Delegada de Cultura, Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude o 07/10/2024, que foi informado favorablemente pola Intervención Municipal o 10/10/2024.

Á vista do actuado, e resultando que corresponde á Sétima Tenenta de Alcalde Delegada de Cultura, Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude a concesión das subvencións, de acordo co previsto na Convocatoria;

#### RESOLVO:

**Primeiro.-** Dispoñer o gasto e conceder ás ANPAS dos Centros de Ensino Público de Oleiros que se relacionan a continuación as subvencións que se detallan:

CIF	ENTIDADE	CONCEPTO	PROPOSTA
G15244205	ANPA BIDUEIRO	Xadrez e Xogos de Mesa, Cine e Fotografía, Fútbol, Patinaxe, Multideporte e Psicomotricidade en Educación Infantil, Urban Dance, Mans Creativas, Debuxo e Pintura, Lingua de Signos, Os venres xogamos todos, Voleibol, Contacontos e Mindfulness, Musical, Ximnasia Artística e loga, Robótica, English Club, Diverciencia, Festas escolares	15.736,25€





G15265051	ANPA COLEXIO PÚBLICO DE MERA (LUIS SEOANE)	Baile, Teatro, Ponte ao día, Pintura e Rincón de Arte, Musica e Psicomotricidade, Ludoteca, Ingles, Informática, Fútbol, Taekwondo, Patinaxe e Xogos, Cociña	9.199,66€
G15069057	ANPA COLEXIO PÚBLICO VALLE INCLÁN	Festas escolares, Agasallos de graduación para 6º EP, Teatro musical, Robótica, Musica e movemento, Hockei iniciación, Hockei II, Baile Galego e pandereta, Balonman, Xadrez, Baloncesto, Patinaxe, Xogos e Psicomotricidade, Acrodance, Arte e Pintura, Suscripción a la revista Pantera, Obradoiros formativos para o alumnado, Formación para familiares e docentes, Campamento ciencia	15.534,83€
G15744857	ANPA MIGUEL HERNÁNDEZ DO IES MIRAFLORES	Tecnicas de estudio Xadrez Brasilian jiu jitsu Obradoiro de rap Graduación de bacharelato Alimentacion saludable	3.195,67 €
G15122427	ANPA ARCE DO IES XOSÉ NEIRA VILAS	English Club, Taller defensa persoal Obradoiro Educación Emocional, Taller técnicas de estudio, Limpieza de praias	5.339,67€
G70463922	ANPA CEIP DE NÓS	Charla " A Cultura do Mar", Festa fin curso, Tecnicas de estudio, Magosto e Samaín, O día da música, Festa Nadal	3.583,02 €
G70603022	ANPA ENSINO CEIP RABADEIRA DE OLEIROS	Plan Director para a convivencia e mellora da seguridade nos centros educativos- Novas tecnoloxías, Apoio a alumnado NEE nas actividades extraescolares, Celebracións (Inicio de Curso, Samaín, Nadal, Entroido e Fin de Curso), Charlas para familias e Obradoiros para alumnado Educación Afectivo-Sexual, Saídas a museos Científicos, Mural colaborativo do centro, Charlas Convivencia	4.260,89€
			56.850,00€

**Segundo.-** Liberar o saldo restante nas fases contables previas (RC e A).

**Terceiro.-** Recoñecer as obrigas polos importes sinalados ás entidades devanditas, tendo en conta que deberá reterse unha garantía por importe do 40% das cantidades concedidas.



**Cuarto.-** Notificar a presente Resolución mediante a súa publicación na Sede Electrónica Municipal.

**Recursos.-** Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sétima Tenenta de Alcalde, delegada de Cultura e Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude, e o/a Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

